



Información sobre o final de curso

Curso 2024/25

ACTIVIDADE LECTIVA

A actividade lectiva desenvolverase segundo o horario habitual ata o 19 de xuño, inclusive. Os días 1, 29 e 30 de maio son días non lectivos no centro.

O período comprendido entre o 2 e o 19 de xuño daráselle prioridade á realización das probas de acceso e as actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado con materias sen superar. Por este motivo, pode ser necesario cancelar algunha das sesións de clases, especialmente no caso de linguaxe musical, ao coincidir coa realización das probas de acceso para o novo alumnado.

DATAS DE AVALIACIÓN

- **AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA: 4 e 5 de xuño**

Avaliación final de carácter xeral para todo o alumnado de grao elemental e o alumnado de 1º a 5º curso de grao profesional.

A publicación das cualificacións realizarase o 6 de xuño. A partir das 12 horas poderanse consultar en centrosnet e pola tarde farase entrega dos boletíns de cualificacións por parte dos titores/as, xunto cos informes de avaliación negativa se fose o caso, no horario que se publicará no taboleiro e na web do centro para tal fin. Ese día tamén se poderán revisar as probas escritas e realizar consultas ao profesorado sobre a avaliación das diferentes materias.



- AVALIACIÓN FINAL ADIANTADA: **12 de maio**

Na avaliación adiantada avaliarase ao seguinte alumnado:

- a) Todo o alumnado de 6º de GRAO PROFESIONAL.

O alumnado de 6º curso que non desexe ser avaliado de xeito adiantado e prefira facelo nas datas establecidas con carácter xeral para os demais cursos (3 e 4 de xuño) deberá solicitalo á dirección do centro na 1ª quincena do mes de abril.

- b) O alumnado que esta a cursar 2º de BACHARELATO e simultaneamente materias de grao profesional dun curso distinto de 6º e precise da obtención do correspondente certificado a efectos de validacións para obter o título de bacharel.

Neste caso deberase solicitar a avaliación adiantada á dirección do centro na 1ª quincena do mes de abril.

En todo caso, a publicación das cualificacións do alumnado avaliado de forma adiantada realizarase o 14 de maio.

- AVALIACIÓN FINAL EXTRAORDINARIA: **25 de xuño**

Para o alumnado con materias non superadas na avaliación final ordinaria.

A realización das probas da avaliación extraordinaria terá lugar os días 20, 23 e 24 de xuño nos horarios que se publiquen previamente no taboleiro e na web do centro.

A publicación das cualificacións realizarase o 26 de xuño.

PROBAS DE ACCESO

As datas de realización para cada unha das probas de acceso, xunto con unha guía coa información máis relevante, están publicadas na web do centro.

Enlace: www.conservatoriosantiago.gal/acceso

MATRÍCULA PARA O VINDEIRO CURSO

Para todo o alumnado o prazo de matrícula será do 1 ao 4 de xullo.

Enlaces á información sobre a matrícula e asignación de horarios para o curso 2025-26:

- [*Grao Elemental*](#)
- [*Grao Profesional*](#)